

ACTA Nº 6 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE OFICIAL DE PRIMEIRA BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL FIXO (OEP 2016) ASÍ COMO CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR PRAZAS DE XEITO TEMPORAL DE OFICIAL DE PRIMEIRA.

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 1169/2017 do 14/11 para proceder á valoración do terceiro exercicio do procedemento de selección dunha praza de Oficial de Primeira baixo a modalidade de contrato laboral fixo (OEP 2016) así como a creación dunha bolsa de emprego para cubrir prazas de xeito temporal de oficial de primeira conforme ás bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 705/2017 do 13/07.

Data da sesión: 09/10/2018
 Hora de inicio: 10:00 horas.
 Hora de finalización: 11:15 horas.

Lugar: Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa.

Asistentes:

- D. Manuel Suárez Bermúdez (Presidente).
- D. Félix Carrasco del Pozo (1ª vogal).
- D. Ramiro Rama Figueira (3º vogal).
- D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Non asiste o 2ª vogal por atoparse o titular de baixa médica e a suplente atendendo ás obrigas do servizo de urbanismo municipal.

Asiste igualmente Dª. Rosa Moreiras Cuñarro, normalizadora lingüística do Concello de Ames, na súa condición de asesora do Tribunal de Selección para esta proba e en virtude de nomeamento realizado por resolución de Alcaldía nº 1215/2018 do 2/11.

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, en cumprimento do disposto nas Bases de Selección, procédese a realizar o chamamento dos aspirantes admitidos e que superaron a primeira e segunda proba e que non achegaron durante o prazo de presentación de instancias xustificante de estar en posesión do CELGA 2 ou equivalente, conforme ao sinalado na acta nº 5 do Tribunal de Selección de data 26/10/2018:

Nº	APELIDO	NOME	ASISTE
1	Vilariño Ferreiro	Lino	SI

Seguidamente procédese durante o tempo de 30 minutos a realizar polo aspirante unha proba escrita consistente na tradución do castelán ao galego de 5 frases, cuxo contido se anexa á presente acta e posterior conversa de dous minutos coa asesora do Tribunal en presenza dos restantes membros do Tribunal de Selección.

Finalizada a proba por parte de Dª. Rosa Moreiras Cuñarro emítese informe onde se indica que: *“o candidato D. Lino Vilariño Ferreiro posúe competencias orais e escritas para superar a proba de galego (equivalente ao CELGA 2) por este motivo propónse a puntuación máxima prevista para esta proba equivalente ao resto das persoas candidatas que acreditaron o CELGA 2”*

Seguidamente por parte do Tribunal de Selección por unanimidade dos membros con dereito a voto do mesmo, acórdase asumir o informe emitido pola asesora e deste xeito outorgar as seguintes puntuacións:

Nº	APELIDO	NOME	PUNTUACIÓN
1	Vilariño Ferreiro	Lino	2,00 puntos

En cumprimento co previsto na LO 15/99 de Protección de datos de carácter persoal e o RD 1720/07, informámolle que os datos recollidos polo Concello de Oroso, con finalidade de levar a cabo a xestión contable, fiscal e administrativa, serán almacenados nos ficheiros correspondentes á titularidade do concello, os cales se encontraran debidamente inscritos na Axencia Española de Protección de Datos. Así mesmo os datos serán cedidos a outras administracións ou empresas coa finalidade de xestionar o cobro de impostos, prestar servizos municipais, ou outras actividades relacionadas co normal funcionamento do concello. Você pode, en todo momento, exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos persoais, enviando ao concello unha carta debidamente asinada onde consten claramente os datos, contacto e c.a. labora- xuntas, fotocopia do seu DNI/NIE, de acordo co momento que acredite a súa identidade.

Seguidamente por parte do Secretario, dase conta ao Tribunal da presentación con data de 7/11/2018 (RE nº 20180000003902) por D. Adrian Baluja Barreiro dunha alegación contra a acta nº 5 de calificación da segunda proba do proceso de selección, facilitándose copia da mesma ao Tribunal, na que se considera polo alegante que as puntuacións outorgadas polo Tribunal non son xustas e se solicita que se proceda á revisión de tales puntuacións.

O Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, considera que a alegación unicamente manifesta a opinión do alegante, sen realizar ningún tipo de argumentación e simplemente considerando, baixo a súa apreciación, que realizou mellor a proba que outros aspirantes. O Tribunal considera que as valoracións outorgadas na segunda proba e recollidas na acta nº 5, son correctas e están suficientemente argumentadas, polo que acorda por a citada unanimidade desestimar as alegacións presentadas por D. Adrián Baluja Barreiro.


Seguidamente procédese a obter a puntuación final dos aspirantes que tiveron superado as diferentes probas contidas no proceso de selección:


Nº	APELIDOS	NOME	1ª PROBA	2ª PROBA	3ª PROBA	TOTAL
1º	Vilariño Ferreiro	Lino	4,25	11,00	2	17,25
2º	López Comesaña	Belarmino	5,25	9,00	2	16,25
3º	Cebreiro Rey	Miguel	4,80	7,00	2	13,80
4º	Juncal Viqueira	Esperanza	4,50	7,00	2	13,50

Polo que á vista das puntuacións totais o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto propón á Alcaldía que proceda á adxudicación da praza e correspondente contratación como oficial primeira, persoal laboral fixo correspondente á Oferta de Emprego Público do Concello de Oroso 2016 a D. Lino Vilariño Ferreiro con DNI nº ***38824F. Igualmente propoñer aos restantes aspirantes pola orde sinalada para integrar a correspondente bolsa de emprego para cubrir de xeito temporal as prazas de oficial primeira nos termos que sinalan as bases de selección.

De conformidade co previsto no punto 11º das Bases de Selección o aspirante proposto, achegará no **prazo de 10 días naturais**, contados a partir da publicación da presente acta a documentación sinalada nas citadas bases e someterase ao correspondente recoñecemento médico polos servizos do Concello, coa advertencia de que a non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nas bases ou non sometemento ao recoñecemento médico esixido e agás nos casos de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base 5ª, suporá que o aspirante non poderá ser nomeado e contrato para o posto e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando os membros do Tribunal.

O Presidente:

Manuel Suárez Bermúdez.

O Secretario.

Federico Suarez Cancelo

1º Vogal

Félix Carrasco del Pozo



3º Vogal

Ramiro Rama Figueira